

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Pozo Triviño, María Isabel del
Quintero Martínez, Félix
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, M^a Belén
Sánchez Moreiras, Adela María
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Díaz Redondo, Rebeca P.
Fariña Rodríguez, José
Formella, Arno
Lorenzo González, M^a de las Nieves
Mociño González, María Isabel
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Pérez Vázquez, María Consuelo
Rodríguez Vázquez, Virxilio
Soto González, María Mercedes
Torres Romay, Emma

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Arévalo Tomé, Raquel
Duran Barbosa, Rafael
López Ardao, Jose Carlos
López Mira, Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Romo Pérez, Vicente
Rúas Araújo, José

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga

ESTUDANTES

González González, Jaime
Lima González, Estela
Martínez Gómez, Sandra María
Rodríguez Pousa, Estela
Santos Grandal, Juan

PTXAS

Mollinedo Lois, Carlos
CONSELLO SOCIAL
Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, M^a Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

García Eirín, José Manuel
Pazos Currás, Marta María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Rodríguez Domínguez, M^a del Mar
Ruiz Hidalgo, M^a del Carmen

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 24 de novembro de 2025, convocada para ás 9:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 24 de novembro de 2025 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

O reitor da a benvinda aos novos membros de Consello de Goberno.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 10 de outubro de 2025, e ás sesións extraordinarias do 17 de outubro e do 28 de outubro de 2025.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2026/27.
4. Aprobación, se procede, das modificacións no Plan de Promoción a Profesor/a Titular e Catedrático/a na Universidade de Vigo.
5. Aprobación, se procede, da normativa de elaboración do POD para o curso 2026/27.
6. Aprobación, se procede, da normativa de dedicación e recoñecementos docente da Universidade de Vigo.
7. Aprobación, se procede, do recoñecemento de actividades de xestión e apoio nos centros /campus.
8. Aprobación, se procede, das unidades docentes seleccionadas para a creación de prazas de TU do 15% da OEP do 2023.
9. Aprobación, se procede, da Normativa de Estudos de Grao na Universidade de Vigo.
10. Aprobación, se procede, da tramitación das modificacións non substanciais das titulacións de grao, máster e programas de doutoramento para o curso 2026/27.
11. Aprobación, se procede, da declaración de interese de verificación/modificación de títulos de grao, máster e programas de doutoramento 2027/28.

12. Aprobación, se procede, das bases do programa de retención de talento investigador da Universidade de Vigo para a convocatoria extraordinaria do 2025.
13. Aprobación, se procede, da creación da Spin off Nexolnn.
14. Aprobación, se procede, do cambio do nome do “Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais (IFCAE)” por “Instituto de Investigación en Física, Computación e Ciencia Aeroespacial (IFCAE)”.
15. Aprobación, se procede, do cambio de acrónimo do Instituto de investigación de ciencia do deporte INCIDE por CIDEGA.
16. Aprobación, se procede, dos parámetros de ponderación de materias troncais de modalidade e materias de opción da proba de avaliación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema Universitario de Galicia. Acceso ao curso 2027/2028.
17. Aprobación, se procede, do Memorando de Entendemento con Real Club Celta de Vigo, S.A.D. e Metrodora Education Vigo S.L.
18. Aprobación, se procede, do nomeamento dos membros da Comisión da unidade de Diversidade.
19. Elección dos seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO(1): 1 estudante do ámbito Campus do Mar.
20. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 10 de outubro de 2025, e ás sesións extraordinarias do 17 de outubro e do 28 de outubro de 2025.

O reitor pide que, despois de corrixir e adxuntar observacións á acta do 10 de outubro de 2025, se aproben todas as actas por asentimento.

Apróbanse por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Negociación primeiro convenio colectivo persoal investigador e persoal de apoio á investigación. Celebradas xa tres roldas de negociacións.
- Segue a traballar a Comisión de Estatutos coa análise das emendas presentadas, coa previsión de ter un proxecto de Estatutos en xaneiro.
- En breve, en canto estea asinado o convenio sobre medicina, retomaremos algunhas negociacións pendentes: Mapa de titulacións e Plan de Financiamento.
- Celebración do 25 aniversario de AtlanTTic.
- Consello de coordinación de docencia clínica, que aprobou a descentralización de 4º, 5º e 6º de Medicina. A idea do reitor é celebrar un Consello de Goberno extraordinario para aprobar este acordo. A UDC xa lle deu o visto bo, está pendente a USC, e despois a UVigo aprobará esta descentralización, que supón un avance con respecto ao do 2015, no que non había datas nin orzamentos.

- CRUE.
- Xornada no Instituto de Investigación ILingua.
- Celebrouse no Campus de Ourense un congreso sobre Balnearios e o seu efecto na saúde.
- África González recibe o premio Josefa Wonenburger.
- Celebrouse en Pontevedra, na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, un interesante Simposio sobre o papel do ensino na supervivencia do Galego.
- Xornadas CRUE CREU, celebradas en Vigo, sobre temas de investigación transferencia e innovación, éxito de participación, mais de 700 persoas participantes.
- Rematou o traballo o grupo de recuperación do adro vello.
- Celebración de toma de posesión de titulares e catedráticos.
- Celebración dun acto en homenaxe aos xubilados.
- Consello Social, un acto sobre o valor social integrado na Universidade de Vigo.
- Celebráronse as xornadas sobre o 25 N. O acto principal foi en Ourense, e a participación foi alta dunha serie de decanos do Campus de Ourense.
- Campus Spain: título propio, celebración dunha xornada no Salón de Grados. O reitor agradece á Facultade de Ciencias Xurídicas a acollida, espera que este ano sexamos capaces de artellar un título propio no que participe a Facultade de Filoloxía e Tradución.
- O proxecto dirixido por J. L. Soengas, do CIM, recibiu un premio da Comisión.
- Deputación de Pontevedra: concesión de 100.000 euros para diversas actividades da UVigo.
- Doutoramento Honoris Causa a Begoña Vila, celebrado no Campus de Ourense.
- Programa de maiores: por primeira vez supera as cifras previas á pandemia, cifra récord.
- Proxecto de CINBIO gaña o premio Zendal.
- Primeiro Foro UEUE de universidades españolas, universidades europeas.
- Axuda psicopedagóxica para dificultades derivadas de actividades académicas, con 3 sesións gratuítas. Plan piloto cunha axuda da Xunta de Galicia.
- Encontro no IFCAE.
- UFPC, presentación na rede de universidades por la diversidade (RUD).
- Celebración polo programa de Cuántica.
- Comisión de Seguimento, listas de agarda: o reitor quere aclarar datos sobre uns papeis que están pendurados no Edificio Exeria. A proposta da Xerencia, feita en xullo de 2025, en síntese había 3 propostas: unha con procesos selectivos, recén rematada, outra con e sen procesos selectivos, apenas rematada, e a proposta pendurada é un resumo do que propuxo o equipo de goberno no seu momento.
- Ranking de Shangai: recuperamos en ciencias alimentarias, somos o número 17 do mundo, e entre as mellores noutros ámbitos.
- É o ano no que se sacaron mais prazas. Prazas de AXD do Programa María Goyri: 42 prazas convocadas. Prazas de AXD do contrato-programa do 2025: 36 prazas convocadas. Prazas MG 2025 (6 prazas convocadas). O reitor agradece o extraordinario traballo do Servizo de PDI.
- Prazas de PDI- estado das mesmas. Prazas PPL: 32 prazas. TU: 31 prazas. CU: 30 prazas. PPL: 48 prazas.

Intervén a continuación Jacobo Porteiro para falar sobre Medicina. Di que estamos pendentes do acordo da USC, parece que haberá dificultades para ratificar o acordo. Pregunta que ocorrería se a USC non ratifica o acordo, por saber máis ou menos. O reitor contesta que presentamos a declaración

de interese. Aínda que algúns pensen que cambiou de opinión, nunca foi así, xa que fixemos o traballo. O mellor futuro para a titulación de Medicina sería un título interuniversitario, impartindo a docencia de xeito coordinado. Temos unha comisión que xa está traballando, con especialistas en Medicina. A petición foi feita, despois do CG poderíamos deixar sen efecto o pedimento. Incluso despois de que sexa aprobado, a intención é seguir traballando en paralelo por se en algún momento hai un atranco.

A continuación toma a palabra Rosa Pérez, entende que é moi complicado pero non entende ben o procedemento. Na COAP parecía que hoxe íamos aprobar a descentralización, pero no CG de hoxe aprecia un cambio de plan.

O reitor di que o que pedimos hoxe é o pedimento de Medicina. Nun posterior CG, despois da USC, aprobaremos a descentralización e o acordo. Cre que preparar un título por se acaso é un traballo ímprobo, non está segura de como se pode encaixar isto, parece que o camiño é a implantación futura do título.

O reitor responde que é mellor facer así. Hai que estar preparados para o que poida xurdir e non esperar, precisamos ter a información e non improvisala. O traballo ímprobo témolo previsto, vaille contar aos membros da comisión cal é o horizonte. O acordo sería un convenio, contratación de persoal 50% da UVigo e 50% da USC, e en calquera momento podería romper, por iso o CG será o que poida pedir o título, está garantido no acordo en caso de incumprimento.

3. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2026/27.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica quen informa sobre a seguinte convocatoria:

Convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2026/27

a) 2 puntos por cada sexenio de investigación ou transferencia de coñecemento contabilizados a 31/12/2025; 1 punto adicional (sumado ao acadado neste apartado) se o último ano do último período avaliado positivamente é 2019 ou posterior.

b) 1,5 puntos por cada quinquenio contabilizado a 31/12/2025.

c) Cargos de xestión unipersoais: os cargos desempeñados na Universidade de Vigo a partir do ano 2016 (inclusive) puntuaranse seguindo o mesmo procedemento que o establecido pola ACSUG para a concesión do complemento de recoñecemento por cargos de xestión. Os cargos desempeñados na Universidade de Vigo entre os anos 2015 e 2006 (ambos incluídos) puntuaranse seguindo o mesmo criterio, pero contabilizando o 75 % da puntuación resultante, e os desempeñados antes do ano 2005 contabilizarán o 50 % da puntuación resultante.

En caso de empate, terase en conta os seguintes criterios:

- Como primeiro criterio de desempate o feito de ter previstas estadias noutras Universidades ou Centros de Investigación durante o período de licencia e a súa duración.
- Como segundo criterio, a antigüidade na Universidade de Vigo como PDI con vinculación permanente e a tempo completo
- Como terceiro criterio a prioridade do solicitante do xénero cunha porcentaxe menor de solicitudes concedidas.

Aprobado na COAP.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, das modificacións no Plan de Promoción a Profesor/a Titular e Catedrático/a na Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica quen presenta as modificacións:

Plan de Promoción a Profesor/a Titular e Catedrático/a na Universidade de Vigo

Estimada Sra. Sánchez:

En relación con su consulta, la **Unidad de Información Administrativa (UIA)** se ha puesto en contacto con el Servicio de Profesorado Funcionario, el cual nos informa lo siguiente:

"Le informo de que a efectos de la LOSU, las figuras de PPL y PT son equivalentes y en caso de que fuese contratado doctor tendría que solicitar el cambio a PPL antes de participar en el concurso. Respecto a la promoción interna que recoge el art. 71.2 de la LOSU, se encuentra abierta a profesores de otras Universidades, porque la ley recoge únicamente como requisito que hayan estado dos años en el puesto de origen y encontrarse acreditados para la categoría que promocionan. Y en cuanto a las figuras, promocionarán desde PT a Catedráticos y desde PPL comparable a TU a PPL comparable a CU, siempre que se encuentren acreditados para la figura a la que pretenden acceder mediante el concurso de méritos.

En todo caso, le recomendamos consultar a la Administración de su Universidad".

Estamos trabajando para mejorar su satisfacción en la atención recibida. Por favor, pulse en el siguiente enlace para su valoración.

[ENCUESTA DE SATISFACCIÓN.](#)

Atentamente,

Centro de Información al Ciudadano
División de Atención al Ciudadano y Publicaciones
Secretaría General Técnica

MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN
Paseo de la Castellana 162, 28046 Madrid



Universidade de Vigo



Plan de Promoción a Profesor/a Titular e Catedrático/a na Universidade de Vigo

II. ÁMBITO DE APLICACIÓN E VIXENCIA.

Consonte ao marco regulador exposto, o presente documento establece un plan de medidas de promoción coa finalidade de regular os criterios que determinen a orde de saída a concurso das prazas destinadas a acceder ao funcionariado nos corpos docentes da Universidade de Vigo mediante a súa convocatoria nas correspondentes Ofertas de Emprego Público. En concreto:

- Prazas de Catedrático de Universidade: para a promoción de Profesorado Titular de Universidade **e de Profesorado Permanente Laboral** que cumpra os requisitos **indicados no artigo 71 da LOSU**.
- Prazas de Profesor Titular de Universidade: para a promoción e estabilización de Profesorado Titular de Universidade interino, Profesorado Contratado Doutor, **Profesorado Permanente Laboral** (permanentes ou interinos), Profesorado Axudante Doutor ou Profesorado Distinguido, todos eles coa correspondente acreditación.

O devandito plan estará vixente ata que se esgote a orde de prelación á que se refire o apartado b) do punto seguinte.

Universidade de Vigo



Plan de Promoción a Profesor/a Titular e Catedrático/a na Universidade de Vigo

4. As listaxes de acreditados actualizaranse anualmente. Para iso, a Universidade de Vigo establecerá **alomenos dúas convocatorias anuais** nas que o profesorado que se atope en situación de promocionar segundo os casos contemplados no apartado II e non estea incluído xa na listaxe, poderá solicitar a súa incorporación na mesma. Unha vez finalizada dita convocatoria, as persoas solicitantes serán incluídas ao final da listaxe correspondente, ordenadas entre elas segundo os criterios definidos no punto 2 do presente apartado. O profesorado incluído nas listaxes poderá solicitar ser eliminado das mesmas en calquera momento.

5. O profesorado incluído nalgunha das listaxes de acreditados que, unha vez chegada a súa quenda, desista da convocatoria da praza correspondente **pasará ao final da listaxe de acreditados/as.**

Plan de Promoción a Profesor/a Titular e Catedrático/a na Universidade de Vigo

As convocatorias de prazas discrecionais (10% das prazas totais) establecerán as medidas oportunas para asegurar que os casos contemplados neste apartado non supoñan un aumento de desequilibrio entre a carga e a capacidade docente básicas da Área de Coñecemento nos diferentes Campus da Universidade de Vigo.

Intervén Jacobo Porteiro e pregunta se non ten que haber concurso para pasar de PPL a TU. O reitor di que coa interpretación do Ministerio non teñen que estar. Se alguén está acreditado a Catedrático e é Contratado Doutor haberá unha permeabilidade curiosa.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da normativa de elaboración do POD para o curso 2026/27.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica quen presenta a normativa de elaboración do POD, engadindo que todo foi aprobado por asentimento na mesa de negociación e na COAP:

Normativa de elaboración do POD para o curso 2026/27

1. Mobilidade voluntaria entre unidades docentes da mesma área. Nos casos de déficit de capacidade docente nunha unidade docente e superávit noutra, poderá establecerse mobilidade voluntaria do persoal docente ou investigador entre unidades docentes. As horas de docencia impartidas en campus diferentes do habitual computarán cun recoñecemento adicional (multiplicarase por un factor de 1,5 no caso de desprazamento Ourense/Vigo ou Ourense/Pontevedra e 1,25 para Pontevedra/Vigo).

As titorías deberán distribuírse entre os dous campus de xeito proporcional ás horas de clase impartidas e non lles corresponderán indemnizacións por razón do servizo durante o período de impartición de docencia, agás nos casos excepcionais relacionados con novos títulos.

Normativa de elaboración do POD para o curso 2026/27

1. Mobilidade voluntaria entre unidades docentes da mesma área. Nos casos de déficit de capacidade docente nunha unidade docente e superávit noutra, poderá establecerse mobilidade voluntaria do persoal docente ou investigador entre unidades docentes. As horas de docencia impartidas en campus diferentes do habitual computarán cun recoñecemento adicional (multiplicarase por un factor de 1,5 no caso de desprazamento Ourense/Vigo ou Ourense/Pontevedra e 1,25 para Pontevedra/Vigo).

As titorías deberán distribuírse entre os dous campus de xeito proporcional ás horas de clase impartidas e non lles corresponderán indemnizacións por razón do servizo durante o período de impartición de docencia, agás nos casos excepcionais relacionados con novos títulos.

As propostas de mobilidade non implican un cambio de adscrición de campus.

O persoal docente ou investigador que asuma voluntariamente docencia nun campus distinto do seu centro de traballo, e sempre e cando non exista docencia dispoñible no campus do seu centro de traballo, poderá solicitar as correspondentes indemnizacións por razón de servizo, tal e como se especifica na instrución sobre a liquidación de desprazamentos intercampus da Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica.

Normativa de elaboración do POD para o curso 2026/27

- Profesorado substituto. O profesorado substituto será contratado, preferentemente de xeito parcial, agás nos casos de excepcional necesidade, onde a vicerreitoría valorará a motivación da necesidade da súa contratación a tempo completo. **En todo caso, o profesorado substituto non poderá ser contratado por menos de 45 horas cuatrimestrais ou, no seu caso, 90 horas anuais. O máximo de horas para a contratación de profesorado substituto a tempo parcial será de 90 horas cuatrimestrais ou, no seu caso, 180 horas anuais.**

No caso de que sexa necesaria a contratación de novo profesorado, o departamento asegurase de que, na medida do posible, a docencia do primeiro cuatrimestre estea cuberta polo profesorado do apartado a) deste mesmo punto.

Normativa de elaboración do POD para o curso 2026/27

- c) O persoal predoutoral contratado con cargo á Lei da ciencia poderá, se así o solicita, simultanear a docencia con algún profesor/a do departamento **que sexa CU, CEU, TU, TEU, PCD, PPL, AXD ou persoal posdoutoral con dereito a docencia**, quen será responsable da súa supervisión e titorización. O número de horas compaxinadas será certificado polo órgano correspondente (véxase o anexo II).

Normativa de elaboración do POD para o curso 2026/27

Por último, as profesoras con docencia que se acollan á desgravación docente de ata o 100 % durante un ano tras o permiso por maternidade, ou de ata o 50 % no ano seguinte, manterán a mesma asignación docente do curso académico anterior á súa baixa para os efectos de certificación da docencia. Entre tanto, esta docencia quedará dispoñible para ser reasignada no POD ao resto do profesorado. **Isto mesmo será aplicable ás familias monoparentais ou homoparentais que se atopen nunha situación semellante.**

A COAP, por delegación expresa do Consello de Goberno, aprobará, se procede, as propostas do POD remitidas polos departamentos e **asinadas polo secretario/a co visto e prace do director/a,** así como a convocatoria de prazas a concurso. Así mesmo, daralle conta ao Consello de Goberno dos acordos adoptados.

Normativa de elaboración do POD para o curso 2026/27

B. Modificación do POD durante o curso académico

Con criterio xeral, os POD aprobados ao principio do curso permanecerán inalterados durante todo o curso académico. Non obstante, a asignación docente poderá modificarse en casos excepcionais, tales como ausencias por enfermidade, baixas, permisos por maternidade, comisións de servizo, servizos especiais, excedencias, materias sen alumnado propio matriculado, novos cargos académicos, entrada de novo profesorado consolidable ou incrementos de docencia, entre outros. Así mesmo, o número de grupos das materias, e polo tanto o POD, poderá axustarse en función da matrícula real tras o inicio do curso académico.

Nestes casos, procurarase que a modificación afecte o mínimo posible ao POD inicial. Os departamentos poderán cubrir esta docencia vacante seguindo as opcións enumeradas por orde de prioridade:

- a) **Asignación de docencia ao persoal investigador posdoutoral que se atope compaxinando docencia presencial ou que aínda teña libre capacidade docente e estea disposto a asumir,** o cal deberá asumir obrigatoriamente a citada docencia, sen que sexa posible continuar na modalidade de simultaneidade (véxase o anexo II).

Normativa de elaboración do POD para o curso 2026/27

As contratacións do profesorado substituto terán a duración que corresponda á causa que promova a contratación. Procurarase unha repartición de horas de docencia por semana equilibrada e tendo en conta a planificación docente das materias asignadas.

Para solicitar novas contratacións, os departamentos deberán remitir, xunto coa proposta do POD, a solicitude das correspondentes prazas, indicando, para cada unha delas, a causa da contratación, os horarios das materias, a categoría e a dedicación, a área de coñecemento e o campus asignado. As contratacións motivadas polas modificacións no POD serán analizadas e aprobadas pola COAP, e deberán ser comunicadas aos centros afectos. Calquera cambio nel debe realizarse antes da emisión automática dos certificados de docencia impartida. Isto é, antes do 24 de xaneiro de 2026 para o primeiro cuatrimestre, e antes do 6 de xuño de 2026 para o segundo cuatrimestre.¹

Normativa de elaboración do POD para o curso 2026/27

Persoal predoutoral

A colaboración en tarefas docentes do persoal contratado predoutoral requirirá sinalar un profesor/a (CU, CEU, TU, TEU, PCD, PPL, AXD ou persoal posdoutoral con dereito a docencia) como responsable da materia ou materias correspondentes, e deberá compaxinar a docencia co profesor/a de xeito presencial, segundo o establecido no Real decreto 103/2019, do 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador en formación.

Non obstante, o persoal contratado nesta modalidade con anterioridade á entrada en vigor do citado real decreto, poderá seguir participando nas tarefas docentes do seu departamento nas mesmas condicións en que o viña facendo con anterioridade á citada entrada en vigor, coa finalidade de cumprir co indicado na disposición final cuarta.

O persoal investigador predoutoral non poderá, en ningún caso, ter asignadas horas de docencia en teoría, titorías, prácticas externas, procesos de avaliación, nin coordinar materias, asinar actas ou formar parte dos tribunais de TFG ou TFM, aínda que si que poderá cotitorizalos.

Normativa de elaboración do POD para o curso 2026/27

De cara á calidade da docencia, baixo ningunha circunstancia se permitirá que máis dun investigador/a poida compaxinar a mesma docencia presencial cun profesor/a. Permítese a supervisión de varios investigadores/as en horas diferentes por parte dun mesmo docente. É responsabilidade dos departamentos organizar a incorporación do seu persoal investigador ás actividades docentes segundo o establecido na presente normativa. Os investigadores/as poderán iniciarse nos labores docentes baixo a supervisión dun profesor/a (CU, CEU, TU, TEU, PCD, PPL, AXD e persoal posdoutoral con dereito a docencia), que actuará como o seu titor/a supervisor durante un curso académico. A docencia en simultaneidade implica a presenza ao mesmo tempo na aula do investigador/a e do profesor/a responsable da súa supervisión no desenvolvemento das súas tarefas docentes, sempre de xeito presencial. A solicitude para impartir docencia en simultaneidade deberá incluír a previsión detallada de horas en cada materia e de cada tipo, e estará asinada polo investigador, o profesor/a responsable e o profesor/a coordinador das materias implicadas. Deberá recibir a aprobación do director/a do departamento ao que se adscriben as materias. Unha vez rematado o período docente, o PI e o profesor/a responsable da súa supervisión deberán remitirle á vicerreitora con competencias na materia un informe asinado para confirmar o número definitivo de horas compaxinadas e facer constar a presencialidade de ambos nelas.

Intervén Rosa Pérez para dicir que os CD deberían estar na prelación por diante dos TEU, ou no mesmo nivel. A vicerreitora comenta que é un debate de fai varios anos, con informe xurídico no seu día que indicou que teñen prioridade por ser funcionarios.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da normativa de dedicación e recoñecementos docente da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica quen informa da normativa, que pasou pola Área de Normalización Lingüística:

Normativa de dedicación e recoñecementos docente da Universidade de Vigo

1. A DEDICACIÓN DOCENTE DO PROFESORADO

O marco xeral de dedicación do profesorado funcionario pode ser desenvolvido polas universidades para atender as circunstancias que establece o apartado 2 do artigo 75 da LOSU e que son as seguintes: corrixir as desigualdades entre mulleres e homes derivadas das responsabilidades do coidado de persoas dependentes; facela compatible co exercicio de cargos unipersoais de goberno e coas tarefas de responsabilidade en proxectos de interese para a universidade na forma que determinen os estatutos, así como permitir as tarefas do profesorado que represente os intereses dos empregados/as públicos. O art. 75.4 regula as bases do réxime xeral de dedicación do persoal docente e investigador funcionario, regulando o art. 77.4 a dedicación do persoal laboral (agás o disposto nos art. 78 e 79 respecto da dedicación do profesorado axudante doutor e o profesorado asociado). En consecuencia, a dedicación do profesorado permanente laboral debe axustarse ao establecido para o persoal docente e investigador funcionario.

En base a isto, a dedicación docente máxima de cada un dos membros do PDI permanente a tempo completo, profesorado permanente laboral interino e profesorado axudante doutor será de 240 horas, agás no caso do profesorado axudante doutor LOSU que será de 180 horas. **A capacidade docente mínima do PDI establécese en 120 horas lectivas, á que se aplicarán reducións de acordo ao establecido no antedito art. 75.2 da LOSU. A capacidade docente do profesorado asociado e do profesorado substituto tomarase segundo o establecido no seu contrato e na lexislación correspondente.**

Normativa de dedicación e recoñecementos docente da Universidade de Vigo

1. A DEDICACIÓN DOCENTE DO PROFESORADO

A capacidade docente (CD) de cada PDI con vinculación permanente e dedicación a tempo completo ou tempo parcial (CU, CEU, TU, TEU, PCD, PPL), profesorado permanente laboral interino ou profesorado axudante doutor da Universidade de Vigo calcularase tomando como base a establecida no seu contrato, aplicando as horas de recoñecemento detalladas nesta normativa. Esta capacidade docente repartirase entre:

- Carga docente básica: capacidade docente máxima do PDI tras os recoñecementos de sexenios e RAGRs (táboas 1 e 2).
- **Outras actividades docentes recoñecidas (táboa 3).**
- Outras actividades recoñecidas en forma de desgravación (táboa 4).

Normativa de dedicación e recoñecementos docente da Universidade de Vigo

1. A DEDICACIÓN DOCENTE DO PROFESORADO

Para favorecer a igualdade efectiva entre mulleres e homes, facilítase a actividade investigadora das profesoras a tempo completo que finalicen o seu permiso por parto ou por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento (duración mínima dun ano). Así, poderán beneficiarse dunha redución da súa carga docente de ata o 100 % **durante un ano unha vez finalizados os permisos anteriormente citados** (recoñecéndose para os efectos de certificación docente a docencia impartida no curso anterior á baixa por maternidade, e considerando a súa capacidade docente no momento da redución). Ademais, no segundo curso académico posterior á primeira redución autorizada, poderán acollerse a unha redución adicional de ata o 50 % da súa dedicación docente. Esta redución da dedicación docente permitirá que as persoas que a gocen poidan dedicarse ao desenvolvemento de actividades investigadoras.

Esta redución poderá aplicárselle tamén aos docentes a tempo completo pertencentes a familias monoparentais ou homoparentais que finalicen o seu permiso por parto, adopción, garda con fins de adopción o acollemento (cunha duración mínima de un ano). No caso de que ambos os proxenitores/as sexan da UVigo, esta redución poderá aplicarse unicamente a un deles/as.

Normativa de dedicación e recoñecementos docente da Universidade de Vigo

2. RECOÑECEMENTOS POR SEXENIOS

Para calcular a dedicación de cada PDI contabilizaranse os sexenios de investigación e transferencia do coñecemento das solicitudes resoltas a 31 de decembro do ano anterior ao do inicio do curso académico :

Táboa 1. De aplicación ao profesorado permanente a tempo completo, así como ás figuras en réxime de interinidade asimilables a este profesorado, e de profesorado axudante doutor.

	0 sex.	1 sex.	2 sex.	3 sex.	4 sex.	5/6 sex.
≥ n-7*	240	220	200	160	160	140
n-8		240	240	200	200	
n-9				240		
n-10				240		
≤ n-11						

Para o profesorado que os últimos 10 anos estivera dedicado, durante polo menos 4 anos, a cargos de xestión como reitor/a, vicerreitor/a, secretario/a xeral, director/a de área, decano/a ou director/a de centro, director/a de departamento, este límite amplíase de 7 a 10 anos.

n: ano de inicio do curso académico. Tomarase como ano de referencia dun sexenio o da convocatoria na que se solicite

3. RECOÑECIMENTO DAS ACTIVIDADES DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN (RAGR)

Recoñecemento de actividades de goberno e representación (RAGR)		Horas
R.1. Cargos académicos e representación sindical	R.1.1 Reitor/a, vicerreitor/a con dedicación exclusiva	240
	R.1.2 Vicerreitor/a sen dedicación exclusiva, secretario/a xeral, valedor/a universitario/a	180
	R.1.3 Adxunto/a ao reitor/a, delegada/o na CIUG	150
	R.1.4 Decano/a e director/a de centros docentes	120
	R.1.5 Director/a de centros CIGUS	100
	R.1.6 Director/a de área, director/a de centros de investigación	90
	R.1.7 Director/a de instituto universitario	70
	R.1.8 Vicedecano/a, subdirector/a e secretaria/o de centros docentes	70
	R.1.9 director/a de departamento, coordinador/a xeral PUM	50
	R.1.10 Secretaria de Instituto e centros de investigación, secretaria/o, subdirector/a, xefe/a de sección de departamentos, coordinadores/as de campus PUM	30
	R.1.11 Delegado de protección de datos	120
	R.1.12 Representación sindical (segundo o acordado)	
R.2. Representación da UVigo e outros	R.2.1 Membro da comisión de acreditación /de avaliación (CER,CEI) ANECA/Comité asesoramento da CNEAI	45
	R.2.2 Xestor/a de programas de investigación e asimilables	45
	R.2.3 Delegada/o da UVigo en centros adscritos	30
	R.2.4 Representante por delegación do reitor noutras Institucións?	ata 25
R.3. Órganos de Goberno da UVigo	R.3.1 Membro do Consello de Goberno da UVigo	7
	R.3.2 Membro do Claustro da UVigo	5
	R.3.3 Membro de Consello de Campus	5
	R.3.4 Membro de comisións delegadas do Claustro ou mesa	15
	R.3.5 Membro de comisións delegadas do Consello de Goberno	15
R.4. Outros	R.4.1 Coordinadores de grao e mestrado con selo de excelencia ¹	65
	R.4.2 Coordinadores de grao e mestrado conxuntos coordinados pola UVIGO ²	55
	R.4.3 Coordinadores de grao e mestrado ³	40

Normativa de dedicación e recoñecementos docente da Universidade de Vigo

3. RECOÑECIMENTO DAS ACTIVIDADES DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN (RAGR)

Os recoñecementos R.3, relativos á participación en órganos de goberno da Universidade de Vigo, só serán aplicables aos membros de ditos órganos que non sexan membros natos dos mesmos. Para todo o PDI (a tempo completo ou parcial), os recoñecementos R.2 e R.3 serán acumulables ata un máximo de 60 h. Ao profesorado que partindo da capacidade da táboa 1 (agás no caso de profesorado do grupo R.1), e unha vez aplicados os descontos das táboas 2 e 3, quede por debaixo das 120 h xa non se lle poderá aplicar máis descontos.

Normativa de dedicación e recoñecementos docente da Universidade de Vigo

4. OUTRAS ACTIVIDADES DOCENTES RECOÑECIDAS

Estes descontos correspóndense con actividade docente xa realizada, polo que se aplicarán sempre e non se verán afectados polos mínimos de docencia de 120 h.

Táboa 3. Actividades docentes xa realizadas e non afectadas polo mínimo de 120 h.

Recoñecementos de actividades docentes	Horas a recoñecer
Titorización de TFG/TFM ⁴ no curso académico anterior	4 h/6 ECTS + 1 h/3 ECTS adicional ⁶
Dirección de Teses de doutoramento lidas nos 3 cursos anteriores	10 h por tese completa ⁷
Titorización de Teses de doutoramento con director/es de fora da UVigo	5 h por tese no curso académico no curso seguinte ao da lectura
Docencia en inglés ⁵	1 h por cada 4 h en inglés no POD
Docencia en galego	Segundo o plan de docencia en galego
Actividades docentes recoñecidas polos centros/campus (coordinación de curso, coordinación de materia, titorización de prácticas externas, titorización de alumnos de intercambio)	Horas asignadas polos centros / campus (da bolsa de horas)
Outros recoñecementos docentes	A definir polo Consello de Goberno

5. OUTRAS ACTIVIDADES RECOÑECIDAS EN FORMA DE DESGRAVACIÓN

O recoñecemento en horas dedicadas a estas actividades calcularase seguindo os criterios que se reflicten na seguinte táboa, e poderán ser aplicadas como máximo ata chegar a unha capacidade docente mínima de 120 h de Capacidade Docente do PDI.

Táboa 4. Outras actividades recoñecidas en forma de desgravación docente

Recoñecementos por proxectos de investigación	Horas a recoñecer
Proxectos estratéxicos ou contratos/convenios de extraordinaria relevancia económica para a UVigo, independentemente do programa ou entidade financiadora, a criterio da comisión de investigación	35 h por proxecto
Proxecto H2020, HE, EDF, LIFE+ ou equivalente como coordinador/a do proxecto/consorcio	45 h por proxecto
Proxecto H2020, HE, EDF, LIFE+ ou equivalente como IP e líder WP	25 h por proxecto
Proxecto H2020, HE, EDF, LIFE+ ou equivalente como IP UVIGO	15 h por proxecto
Outros proxectos de investigación (e.g. INTERREG), como coordinador/a	15 h por proxecto
Outros proxectos de investigación (e.g. INTERREG), como IP UVIGO	12 h por proxecto
Proxectos nacionais de investigación de xeración do coñecemento ou equivalentes, como IP do proxecto	10 h por proxecto
Recoñecementos de actividades de xestión e apoio	Horas a recoñecer
Actividades non docentes recoñecidas polos centros/campus	Horas asignadas polo centro/campus (da bolsa de horas)
Titorización a estudantes Piune ⁸	15 h/estudiante ata un máximo de 30 h
Outras tarefas	Para definir polo Consello de Goberno
Outros Recoñecementos	Horas a recoñecer
Recoñecementos por idade	10 h a partir dos 63 anos ao profesorado que cumpre 63 durante ese curso académico
Adaptación do profesorado axudante doutor LOU	40 h
Membro da comisión de ética	Bolsa de 150 horas

A continuación toma a palabra Virxilio Rodríguez preguntando a que número de axudantes doutores LOU vai favorecer esta redución para o curso 2026/27. A vicerreitora non pode dicir porque pode

haber reclamacións. Ela estima que estarán incorporados no mes de abril, e quedan dous por saír. Virxilio Rodríguez comenta que os cálculos que teñen feito identifican arredor de 7, 8 persoas que se verán favorecidas, e aplauden a iniciativa para equiparar aos AD LOU cos da LOSU. Perdeuse unha oportunidade durante varios anos académicos porque a LOSU aprobouse en marzo de 2023. Coincidiu cunha época na que non se fixo unha promoción das súas categorías. Parécelle moi ben esta medida pero o goberno tería que telo feito con anterioridade, cando realmente tiña un impacto, xa que poderían verse beneficiados os AD LOU que sufriron unha situación inxusta.

Jacobo Porteiro comenta que lle gustaba o tema dos porcentaxes. Decidiuse pasar a un cómputo por horas nas desgravacións, pero quere saber se se fixo unha simulación para ver como impacta no POD, a ver se queda igual ou peor. A vicerreitora comenta que non parece que haxa moito cambio. As porcentaxes provocaban situación estrañas, por iso fíxose este cambio e fixéron unha simulación cos datos recibidos. Jacobo Porteiro comenta que coa porcentaxe tiñan en conta docencia e investigación. A vicerreitora di que isto ven dado pola LOSU. Jacobo Porteiro di que o que se desconta é docencia.

Rebeca Díaz ten dúbidas sobre os descontos das direccións de tese. A vicerreitora comenta que a dirección queda igual a como estaba, durante tres anos, o que se incluíu foi a titorización que foi unha suxestión da EIDO. Rebeca ten un pequeno comentario sobre a documentación, tivo problemas para o recoñecemento no docencia en calidade porque non lles gustaba a documentación. A vicerreitora comenta que falará con eles. Ten outra dúbida con respecto ao recoñecemento en R4, xa de fai tempo. O seu centro ten un elevado número de alumnado, multiplica por 20 o número de estudantes dos mestrados, con moita mais carga, cre que é un pouco desproporcionado. Non sabe se se analizou o impacto do alumnado, de materias, de especialidades, é moito mais complexo o que fai a persoa que coordina o Grao. Rebeca Díaz replica que non hai proporción entre coordinar un Grao con 500 estudantes que 4 ou 5 nun mestrado. A vicerreitora fala do traballo de buscar docentes no mestrado, esta xestión é un traballo bastante intenso. Rebeca di que non hai un número mínimo de docencia que poida impartir, a vicerreitora comenta que o mínimo son 120 horas. Hai debate. O reitor comenta que fomos a última universidade en aplicar a LOSU, cun réxime xeral que establece os 120 horas, non se pode rebaixar nada debaixo desta cifra salvo que se teñan cargos académicos establecidos.

Rosa Pérez fai un comentario de cargos académicos, sobre o cambio de porcentaxes a cantidades fíxas. Entende o cambio, é mais claro, aínda que comprende o argumento contrario, pero é máis caro, porque moita xente na súa facultade ten sexenios vivos, non sabe se é igual noutros centros. É verdade no que había limitación estrita, unhas 40 horas mínimas. O vicerreitor de Titulacións comenta que os cargos académicos non tiñan ese límite.

Consuelo Pérez quere unha aclaración da desgravación do director de departamento co vicedecano, hai unha diferenza de 20 horas entre os dous cargos. A vicerreitora considera que un vicedecano, subdirectores e secretarías de centros docentes, sobre todo de centros moi amplos, teñen mais traballo, ademais os directores de departamento teñen mais recoñecemento que antes. Consuelo di que hai departamentos que teñen mais xente que xuntas de centro. A vicerreitora di que son moi poucos e que os vicedecanos teñen moitas mais competencias, temas económicos, estudantado e profesorado.

José Rúas fala do apartado R2.1, non aparecen os membros de comités da Axencia Española de Investigación, a AEI, que dependen do Ministerio de Ciencia. A vicerreitora di que ser avaliador non serve, tes que ser xestor dun dos comités.

Álvaro López Mira comenta, con respecto á última diapositiva, se a redacción mudou ou non. A vicerreitora comenta que si mudou. Agora aclárase que as 10 horas a partir dos 63 anos significan que se reducirá ao profesorado que cumpra 63 anos durante ese curso académico, para deixalo máis claro incluíron esa aclaración. López Mira pregunta se as 10 horas son con respecto á capacidade docente. Álvaro di que o ano pasado non fora así. A vicerreitora di que si, que foi así, se aplicaban as 10 horas despois da táboa 1.

Virxilio Rodríguez está de acordo coa intervención de Jacobo Porteiro e Rebeca Díaz Redondo, sinalando que o procedemento de porcentaxes era mais axeitado. Non é bo se o cálculo sae en negativo, o sistema de porcentaxes era mellor. Solicita votación sobre este punto. Virxilio di que en relación con este argumento, se isto era así, tamén está en desacordo. Se hai un baremo de aí non se debería baixar.

Mercedes Soto di que é moito mais claro coas horas que coas porcentaxes. Se fora por porcentaxes estaría mais penalizada, é mais xusto por horas, non en porcentaxes. Jacobo Porteiro di que se se fai en horas a xestión soamente rouba tempo de docencia. Engade ademais que non todo o tempo se ten que reducir en docencia, imos para atrás porque volvemos a levar toda a redución ao tema de docencia. A vicerreitora responde que non é así, comenta que na táboa 1 xa se fai recoñecemento de investigación.

Rebeca Díaz puxo o seguinte no chat: “Coas porcentaxes había unha porcentaxe mínima para impartir docencia de aula: o 50% da carga efectiva despois de recoñecer as direccións de tese e TFG/TFM. Isto agora non queda así”.

Lévase a cabo a votación.

Votos emitidos:

A favor 27

En contra 0

Abstencións 10

Apróbase por maioría.

7. Aprobación, se procede, do recoñecemento de actividades de xestión e apoio nos centros /campus.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica quen presenta a seguinte convocatoria:

Recoñecemento de actividades de xestión e apoio nos centros /campus

- 1) Dada a variedade e casuística existentes, a medición da dedicación a este tipo de tarefas resulta moi complexa e o seu recoñecemento está suxeito ás restricións orzamentarias relativa aos gastos en persoal da Universidade. Co fin de poder recoñecer estas dedicacións sen incorporar desequilibrios orzamentarios, incorpórase un sistema de recoñecementos baseados en puntos.
- 2) O Consello de Goberno aprobará o número de horas dispoñibles para o recoñecemento das actividades contempladas. Estas horas distribuiranse entre o total de puntos acadados polos centros, CAM, CAPD e campus de especialización para obter o valor do punto en horas.
- 3) As Xuntas de Centro aprobarán a distribución entre o PDI da bolsa de puntos asignada.
- 4) As CAM aprobarán a distribución entre o PDI da bolsa de puntos asignada. Unha vez aprobada, será comunicada ao seu centro de adscrición.
- 5) Os centros comunicarán a distribución final de puntos de todos os seus títulos **á vicerreitoría en materia de profesorado**.
- 6) As CAPD aprobarán a distribución entre o PDI da bolsa de puntos que se lles asigne. Unha vez aprobada será comunicada á Escola Internacional de Doutoramento.
- 7) Os responsables dos Campus de Especialización elaborarán unha proposta de distribución entre o PDI da bolsa de puntos que se lles asigne, que **comunicarán á vicerreitoría en materia de profesorado**.
- 8) A Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) analizará as diferentes propostas de distribución, resolverá os conflitos ou dúbidas ao respecto, e poderá solicitar, se procede, unha revisión das mesmas.
- 9) Os recoñecementos recollidos neste anexo só poderán aplicarse ao profesorado con vinculación permanente e axudantes doutoras/es.
- 10) Cada título debe ser coordinado por unha soa persoa e ningunha persoa poderá coordinar máis de un, a excepción da posibilidade de coordinar un título de mestrado e un título de doutoramento cando estean directamente relacionados.

Teito de horas:

4500 horas

+250 Grao

+150 Mestrado

+100 Doutoramento

Recoñecemento de actividades de xestión e apoio nos centros /campus

A.1. Para as titulacións de grao:

A.1.1. Coordinación e organización docente: inclúe a coordinación de cursos, módulos, materias comúns a varios graos, colaboración co centro na asignación e distribución de tarefas para elaborar o TFG, responsables Piune ou calquera outra tarefa considerada adecuada. **En ningún caso, estes puntos poderán ser asumidos polo coordinador/a de grao, cuxa desgravación xa está recollida na normativa de recoñecementos da Universidade de Vigo (R.4.1 ou R.4.2).**

100 puntos por título de grao⁹ + 50 puntos por coordinación de grao interuniversitario asumida pola UVigo + 5 puntos por estudante de novo acceso ao título de grao

Recoñecemento de actividades de xestión e apoio nos centros /campus

B.1. Para cada titulación de mestrado con repercusión no POD

B.1.1. Coordinación e organización docente: inclúe a coordinación de cursos, módulos, materias comúns a varios mestrados, colaboración co centro na asignación e distribución de tarefas para elaborar o TFM, responsables Piune ou calquera outra tarefa considerada adecuada. En ningún caso, estes puntos poderán ser asumidos polo coordinador/a do mestrado, cuxa desgravación xa está recollida na normativa de recoñecementos da Universidade de Vigo (R.4.1 ou R.4.2).

100 puntos por título de mestrado en POD + 50 puntos por coordinación de mestrado interuniversitario asumida pola UVigo + 5 puntos por estudante de novo acceso ao título.

Aprobado por asentimento na mesa de negociación en na COAP.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, das unidades docentes seleccionadas para a creación de prazas de TU do 15% da OEP do 2023.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica quen presenta a creación e convocatoria das seguintes prazas:

Selección de áreas de coñecemento para a creación de prazas de TU con cargo ao cupo do 15 % da OEP de 2023

Áreas seleccionadas para convocatoria de prazas de TU do 15%			
ANO	CENTRO	DPTO	CAMPUS
RYC-2019-027537-I	ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL	T07	VIGO
RYC-2019-026604-I	ESCOLA DE ENXEÑARÍA MINAS E ENERXÍA	T06	VIGO
RYC-2020-030690-I	FACULTADE DE CIENCIAS	T04	OURENSE
Retención UVIGO	FACULTADE DE CIENCIAS	C11	OURENSE
Retención UVIGO	FACULTADE DE CIENCIAS	C07	OURENSE
Retención UVIGO	FACULTADE DE QUÍMICA	C12	VIGO
Retención UVIGO	FACULTADE DE QUÍMICA	C09	VIGO
Retención XUNTA	FACULTADE DE BIOLOXÍA	C03	VIGO
ORIXE	DEPARTAMENTO / ÁREA	FOLGURA	CAMPUS
DÉFICIT DE CAPACIDADE DOCENTE	X11-0775 (SOCIOLOXÍA)	-1085	OURENSE-PONTEVEDRA-VIGO
DÉFICIT DE CAPACIDADE DOCENTE	T07-0305 (EXPRESIÓN GRÁFICA NA ENXEÑARÍA)	-1020,6	VIGO
DÉFICIT DE CAPACIDADE DOCENTE	X05-0245 (EDUCACIÓN FÍSICA E DEPORTIVA)	-945,1	PONTEVEDRA

José Fariña di que hai un erro. Non pode ser T07, ten que ser T01. O vicerreitor de Titulacións di que é o T07 520 de Vigo, é o número da área. **Está subido correctamente, é un erro no que se subiu.**

Marta Pazos intervén para preguntar polas prazas de déficit docente, se tamén se vai facer a mobilidade, algunha delas ten 3 campus asinados. A vicerreitora comenta que se é unha unidade docente única non pode haber mobilidade, pero nas outras si.

Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da Normativa de Estudos de Grao na Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente quen comeza polos antecedentes:

Informada favorablemente por asentimento na sesión da COAP do
21 de outubro de 2025

1. Antecedentes:

Directrices propias da Universidade de Vigo sobre a estrutura e a organización académica dos plans de estudos de grao.

Aprobada no consello de goberno do 5 de marzo de 2008.

Modificadas no consello de goberno do 11 de xuño de 2008.

Informada favorablemente por asentimento na sesión da COAP do
21 de outubro de 2025


2. Obxectivos:

Adaptación da normativa ao RD 822/2021.


Regular a organización e a estrutura dos estudos oficiais de grao con base nos principios xerais que definen o EES e nas normas estatais e autonómicas que o desenvolven.

Informada favorablemente por asentimento na sesión da COAP do
21 de outubro de 2025

3. Estrutura:




Informada favorablemente por asentimento na sesión da COAP do
21 de outubro de 2025



Universidade de Vigo



Informada favorablemente por asentimento na sesión da COAP do
21 de outubro de 2025



Universidade de Vigo



Informada favorablemente por asentimento na sesión da COAP do
21 de outubro de 2025

CAPÍTULO 3
Modalidades
docentes

Modalidades docentes: presencial, híbrida e virtual.

Modalidade presencial: toda a actividade lectiva desenvolverase interactuando o profesorado e o estudiantado no mesmo espazo físico.

Modalidade híbrida: ~~40 % 60 % da actividade lectiva desenvolverase~~ interactuando o profesorado e o estudiantado no mesmo espazo físico.

Modalidade virtual: ~~< 20 % da actividade lectiva desenvolverase~~ interactuando o profesorado e o estudiantado no mesmo espazo físico.

Porcentaxe actividade presencial: xeito global para todo o título ou detallado para cada materia.

Universidade de Vigo



Informada favorablemente por asentimento na sesión da COAP do
21 de outubro de 2025

CAPÍTULO 4
Estruturas
curriculares e de
innovación

Mención dual:
20 %- 40 % dos
créditos totais
nunha entidade
colaboradora

**Outras
estruturas
curriculares
específicas:**
deben reflectirse
no SET

**Programa de ensinanzas
con itinerario académico
aberto**

**Programa de
simultaneidade**

PARS

**Estratexias metodolóxicas
de innovación docente:**
recoñecemento mediante
emisión de certificado

Universidade de Vigo



Informada favorablemente por asentimento na sesión da COAP do
21 de outubro de 2025

Disposición derogatoria:

- Queda derogada calquera norma de igual ou inferior rango que se opoña ao establecido neste regulamento.

Disposición derradeira:

- O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa publicación.

Universidade de Vigo



Informada favorablemente por asentimento na sesión da COAP do
21 de outubro de 2025

Exposición pública:

- Dende o 18 de setembro ata o 15 de outubro.
- N.º alegacións: 6 N.º correccións: 2

Informes:

- Informe favorable de Asesoría Xurídica.
- Documento revisado pola Área de Normalización Lingüística.



Universidade de Vigo



Intervén Álvaro López Mira para falar do artigo 20.3. O vicerreitor di que ten que ser no mesmo espazo físico. Menos sería docencia virtual. Álvaro di que se nun título xa se indica que é totalmente virtual, non habería problema.

Apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, da tramitación das modificacións non substanciais das titulacións de grao, máster e programas de doutoramento para o curso 2026/27.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente quen informa sobre estes criterios:

Informadas favorablemente por asentimento na sesión da COAP do 13 de novembro de 2025

MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO 2026/2027 (*)								
GRAO	CENTRO	ACREDITACIÓN INSTITUCIONAL	CONXUNTO	ÁMBITO	SOLICITUDE	FORMACIÓN BÁSICA VINCULADA AO ÁMBITO	MATERIAS VINCULADAS AO ÁMBITO	Observacións / incidencias
Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	SI	NON	Xa consolidado dende o 18/07/2025	Errata e uniformidade nos nomes de materias	Non procede	Non procede	
Grao en Intelixencia Artificial	Escola Superior de Enxeñaría Informática	SI	SI (coordina: USC)	Xa consolidado dende o 27/12/2024	Erros nas materias, valores de ponderación na avaliación, erros nas horas do TFG e modificación de tipoloxía de horas	Non procede	Non procede	
Grao en Enxeñaría Informática	Escola Superior de Enxeñaría Informática	SI	NON	Xa consolidado dende o 09/09/2024	Modificación de resultados de formación, aprendizaxe e metodoloxías	Non procede	Non procede	

(*) MÁIS INFORMACIÓN: <https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/implantacion-modificacion-titulacions>

Universidade de Vigo



Informadas favorablemente por asentimento na sesión da COAP do 13 de novembro de 2025

MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO 2026/2027 (*)								
MESTRADO	CENTRO	ACREDITACIÓN INSTITUCIONAL	CONXUNTO	ÁMBITO	SOLICITUDE	FORMACIÓN BÁSICA VINCULADA AO ÁMBITO	MATERIAS VINCULADAS AO ÁMBITO	Observacións / incidencias
Mestrado en dirección e innovación na cadea de subministro	Escola de Enxeñaría Industrial	SI	NON	Xa consolidado o 29/09/2024	Aumento do número de prazas	Non procede	Non procede	
Mestrado en xenómica e xenética	Facultade de Bioloxía	SI	SI (coordina: USC)	Xa consolidado o 11/03/2025	Modificación de materia	Non procede	Non procede	

(*) MÁIS INFORMACIÓN: <https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/implantacion-modificacion-titulacions>

Universidade de Vigo





MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO
2026/2027 (*)

PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO	CENTRO	ACREDITACIÓN INSTITUCIONAL	CONXUNTO	ÁMBITO	SOLICITUDE	FORMACIÓN BÁSICA VINCULADA AO ÁMBITO	MATERIAS VINCULADAS AO ÁMBITO	Observacións/ incidencias
NON HAI								

Intervén Arno Formella para dicir que cre que o Grao interuniversitario de Intelixencia Artificial coordínalo a UDC. O vicerreitor responde que a responsable de todos os trámites administrativos é a primeira coordinadora. Arno comenta que de acordo.

Apróbase por asentimento.

11. Aprobación, se procede, da declaración de interese de verificación/modificación de títulos de grao, máster e programas de doutoramento 2027/28.

O reitor da a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente quen fai a seguinte presentación:

Informadas favorablemente por asentimento na sesión da COAP do 13 de novembro de 2025

SOLICITUDE DE NOVAS PROPOSTAS
2027/2028 (*)

CURSO 2027/2028	GRAOS	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	OBSERVACIÓNS
	Programa de Simultaneidade Grao en Publicidade e Relacións Públicas e Grao en Comunicación Audiovisual	204 - Facultade de Comunicación	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo	Solicitud para implantación no curso 2026/2027
	Grao en Medicina	Facultade de Medicina	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo	Solicitud pendente da ratificación polos CG do acordo de descentralización aprobado polo Consello para a Coordinación da Docencia Clínica o 20/11/2025

(*) MÁIS INFORMACIÓN: <https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/implantacion-modificacion-titulacions>

Informadas favorablemente por asentimento na sesión da COAP do
13 de novembro de 2025

SOLOICITUDE DE MODIFICACIÓNS SUSTANCIAIS 2027-2028 (*)							
CURSO 2027/2028	GRAOS	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	OBSERVACIÓNS
	Grao en Educación Infantil	105 - Facultade de Educación e Traballo Social 202 - Facultade de CC da Educación e do Deporte 351 - CEU	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Grao en Educación Primaria	106 - Facultade de Educación e Traballo Social 202 - Facultade de CC Educación e do Deporte 351 - CEU	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Grao en Enxeñaría Aeroespacial	107 - Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Grao en Enxeñaría Informática	106 - Escola Superior de Enxeñaría Informática	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Grao en Enxeñaría Mecánica	312 - Escola de Enxeñaría Industrial	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española	301- Facultade de Filoloxía e Tradución	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Grao en Linguas Estranxeiras	301- Facultade de Filoloxía e Tradución	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Grao en Intelixencia Artificial	106 - Escola Superior de Enxeñaría Informática	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	

Informadas favorablemente por asentimento na sesión da COAP do
13 de novembro de 2025

SOLICITUDES DE NOVAS PROPOSTAS 2027/2028 (*)							
CURSO 2027/2028	MESTRADOS	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	OBSERVACIÓNS
	Mestrado en ciencia e tecnoloxía en nanomateriais e biomedicina	Facultade de Química	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo	
	Mestrado en dereito público dos recursos hídricos e termais (AQUA LEX)	Facultade de Dereito	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo	

(*) MAIS INFORMACIÓN: <https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/implantacion-modificacion-titulacions>

Informadas favorablemente na sesión da COAP do 13 de novembro de 2025

SOLICITUDE MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS 2027/2028 (*)						
CURSO 2027/28	MÁSTERES	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA
	Mestrado en acuicultura	Facultade de Bioloxía	MODIFICACIÓN	NON	SI	USC
	Mestrado en bioloxía mariña	Facultade de Bioloxía	MODIFICACIÓN	NON	SI	UVigo
	Mestrado en biotecnoloxía avanzada	Facultade de Bioloxía	MODIFICACIÓN	NON	SI	UVigo
	Mestrado en ciencia e tecnoloxía agroalimentaria e ambiental	Facultade de Ciencias	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo
	Mestrado en enxeñaría industrial	EE Industrial	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo
	Mestrado en internet das cousas	EE Telecomunicación	MODIFICACIÓN	NON	SI	UDC
	Mestrado en neurociencia	Facultade de Bioloxía	MODIFICACIÓN	NON	SI	USC
	Mestrado en xestión e dirección laboral	Facultade Ciencias Xurídicas e do Traballo	MODIFICACIÓN	NON	SI	USC
	Mestrado en educación secundaria (profesorado)	Facultade de Bioloxía	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo

(*) MÁIS INFORMACIÓN: <https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/implantacion-modificacion-titulacions>

Informadas favorablemente na sesión da EIDO do 20 de novembro de 2025

SOLICITUDE MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS 2027/2028 (*)						
CURSO 2027/2028	PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA
	Programa de doutoramento en física, computación e ciencia aeroespacial	EIDO	VERIFICACIÓN	NON	NON	UVigo

(*) MÁIS INFORMACIÓN: <https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/implantacion-modificacion-titulacions>

Intervén a continuación Rosa Pérez para falar sobre o mestrado en profesorado. Xa se comentou na COAP e quere que conste en acta que, aínda que non se vai a opoñer, parécelle non moi apropiado, xa que están cos libros brancos e hai unha cantidade de discusión pública nos medios de comunicación. Como non hai mais información, quere que conste que non lle parece un momento moi axeitado, deberíase esperar a ter o libro branco. O vicerreitor di que o tema do libro pode ser inmediato ou pode levar anos.

O reitor di que, ao respecto dos temas de educación, hai un documento de decanos en educación que queren ampliar de 4 a 5 anos, reforzar o traballo de fin de grao e estender o máster a 1.5 ou 2 anos. O reitor entende que isto vai tardar anos en formalizarse. Polo tanto, deberíamos ir avanzando. Aproveita para dicir que temos a proposta que se trasladou aos decanatos, por parte da Xunta de Galicia, para facer un mestrado online, para poder competir coa privada, e que facilita moito o mestrado ao estudantado. Trasladou aos decanatos que se debería traballar nesta liña. Incrementáronse as prazas na UNED, é dicir, temos competencia na privada pero tamén na pública como a UNED.

Jacobo Porteiro di que como podemos facer unha petición para un centro que non existe, pregunta se non é un risco. O vicerreitor di que se ten que presentar unha memoria, cunha ubicación provisoria, para non ter problemas.

Apróbase por asentimento.

12. Aprobación, se procede, das bases do programa de retención de talento investigador da Universidade de Vigo para a convocatoria extraordinaria do 2025.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación quen informa sobre estas bases:

1. Obxectivo

Estes últimos anos foron extraordinarios para a convocatoria de Retención de Talento, debido á inclusión dos programas posdoutorais María Zambrano e Margarita Salas que supuxo unha cantidade de solicitudes excepcional en comparación cos anos anteriores. Por elo a presente convocatoria ten como obxectivo a realización dun proceso selectivo para a contratación como persoal laboral temporal de investigadoras ou investigadores doutoras/es, que cumpriran cos requisitos na convocatoria anterior de retención de talento da Universidade de Vigo do ano 2024 ou do ano 2025.

2. Número e características dos contratos

Formalizaranse **catro contratos de tres anos de duración**, como persoal laboral temporal a tempo completo, na modalidade de contrato de acceso de persoal investigador doutor prevista no artigo 22 da Lei 14/2011, de 11 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, modificada a 6 de setembro do 2022.

A dedicación será a tempo completo e o custo de cada contrato ascenderá a 50.520€.

4. Requisitos das persoas solicitantes

Para seren admitidas neste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude dentro do prazo establecido, e posuír os seguintes requisitos na data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

- a. Ser persoal investigador que cumprira os requisitos da convocatoria de retención de talento da Universidade de Vigo do ano 2024 ou do ano 2025.

5. Avaliación e selección

A selección e asignación dos contratos realizarase considerando un reparto equilibrado entre os catro ámbitos de investigación (científico, tecnolóxico, humanístico e xurídico-social). Se non hai solicitudes dalgún ámbito, o total dos contratos repartiranse entre o resto de ámbitos. Se o número de solicitantes é superior ás prazas dispoñibles, as persoas solicitantes ordenaranse segundo os seguintes criterios de prelación:

1. Terán precedencia en primeiro lugar, as persoas aspirantes con acreditación como TU e acreditación R3/I3.
2. En segundo lugar, as persoas aspirantes con acreditación como PCD ou PPL e acreditación R3/I3.
3. En terceiro lugar, as persoas con acreditación a TU, sen acreditación R3/I3.
4. En cuarto lugar, as persoas con acreditación a PCD ou PPL sen acreditación R3/I3.
5. En caso de igualdade nos criterios anteriores, as solicitudes ordenaranse, en primeiro lugar, pola data de obtención da acreditación correspondente.
6. En segundo lugar pola data de certificación do I3/R3.
7. En caso de igualdade nos dous criterios anteriores, corrección da maior infrarrepresentación de xénero dunha área de coñecemento da Universidade de Vigo, dentro do profesorado con vinculación permanente.
8. En caso de igualdade nos tres criterios anteriores, resolverase a favor da persoa de maior idade.
9. En caso de igualdade nos catro criterios anteriores, primará a antigüidade na Universidade de Vigo.

6. Contratación e seguimento

Establecerase unha lista de agarda. A devandita lista utilizarase para cubrir baixas de contratos desta convocatoria ata o prazo dun ano desde a resolución definitiva. Os contratos da lista da agarda cubrirán o período de contrato non desfrutado pola investigadora ou investigador que cause baixa.

Aprobado por asentimento na mesa de negociación sindical do 16 de outubro de 2025.

Aprobado por asentimento na comisión de investigación do 31 de outubro de 2025.

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

13. Aprobación, se procede, da creación da Spin off NexoInn.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación quen informa sobre a creación desta Spin off:

Obxecto da iniciativa empresarial

A empresa NEXOINN que se pretende crear está orientada ao desenvolvemento de catalizadores e membranas fotocatalíticas destinadas á obtención de produtos de alto valor engadido, en particular amoníaco (NH_3), metanol (CH_3OH) e hidróxeno (H_2).

A empresa desenvolverá e ofrecerá solucións avanzadas en:

- Deseño, síntese e optimización de materiais.
- Deseño, desenvolvemento, instalación, posta en marcha, control e mantemento de dispositivos e reactores.
- **Know-how** sobre deseño e desenvolvemento de nanomateriais con obxectivos concretos sobre as súas propiedades químicas e físicas, derivadas da súa composición, forma e tamaño, o que determina a funcionalidade e as súas aplicacións medioambientais, enerxéticas, biomédicas e industriais.
- **Solicitude de patente:** *"Fotorreactor con membrana de nanofibras con catalizador encapsulado para a produción de amoníaco e metanol mediante fotocatalísis"*, que neste momento estase a preparar para ser presentada como patente europea e que será titularidade íntegra da Universidade de Vigo.

Universidade de Vigo



PROMOTORES

Nome e Apelidos	Relación coa UVIGO	% de participación
Miguel Ángel Correa Duarte	Catedrático	48%
María Luján López Gutiérrez	Non	48%
Universidade de Vigo		4%

UVIGO: 120€

Aprobada por asentimento na comisión de investigación do 9/07/2025 e no Consello Social o 13/10/2025.

Universidade de Vigo



PRODUTO

- Desenvolvemento de catalizadores e membranas fotocatalíticas.
- Deseño e optimización dos materiais segundo o uso final.
- Síntese de materiais.
- Deseño e desenvolvemento de dispositivos e reactores.
- Instalación e posta en marcha.
- Control e mantemento.
- Actividade intensiva en I+D+i: novos materiais, estratexias de captación simultánea, automatización de parámetros a través da IA, entre outras liñas.

Os aspectos máis salientables nos que se basea a proposta son o valor do deseño de materiais *ad hoc* e a transformación *in situ* de contaminantes en produtos de alto valor engadido. Aspecto de maior diferenciación respecto á competencia.

Universidade de Vigo



MERCADO

O mercado español de tecnoloxías limpas está en constante crecemento, impulsado por regulacións europeas e nacionais que buscan a mellora da calidade do aire e a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI), entre outros gases contaminantes. As principais industrias que compoñen o nicho de mercado de Nexolnn son as seguintes:

- **Cementeiros e siderúrxicas.** Responsables dunha gran parte das emisións globais de CO₂ debido aos seus procesos de produción, que requiren altas temperaturas e a descomposición de carbonatos.
- **Sector enerxético:** centrais térmicas e refinarias. Emiten grandes volumes de CO₂ e outros contaminantes, como o H₂S que mesmo en cantidades baixas supón riscos ambientais e operativos importantes.
- **Industria química.** A produción de compostos químicos xera unha variedade de gases contaminantes, incluído o CO₂.
- **Produtores de biogás e biometano:** xeran CO₂ e H₂S no proceso de upgrading do biogás.
- **Industria papelera.** Emisora de CO₂ e H₂S, especialmente nos procesos de fabricación de papel e polpa que empregan o método Kraft. Plantas de tratamento de augas residuais. Xera H₂S principalmente na descomposición de compostos orgánicos en ausencia de oxíxeno (en condicións anaeróbicas).

Intervén Jacobo Porteiro para dicir que no documento da OTRI di que Correa Duarte é do Departamento de Teoría da Sinal, cando non é así.

A vicerreitora comenta que se vai modificar, é un erro, agradecendo a Jacobo Porteiro a observación.

Apróbase por asentimento.

14. Aprobación, se procede, do cambio do nome do “Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais (IFCAE)” por “Instituto de Investigación en Física, Computación e Ciencia Aeroespacial (IFCAE)”.

O reitor dálle a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen informa do cambio de nome:

Xustificación: incorporación de persoal investigador que traballa en computación

IFCAE: Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais.

IFCAE: Instituto de Física, **Computación** e Ciencia Aeroespacial.

Aprobado por asentimento na Xunta directiva do IFCAE do 01 de outubro de 2025.

Reunión en Ourense o 13 de novembro de 2025.

A vicerreitora da lectura ao escrito do director de ATTlantic sobre o documento de proposta de acordo presentado por D. Higinio González Jorge, director do IFCAE:

"O centro atlantTic manifesta que non se sente representado no documento de proposta de acordo e non o subscribe.

Consideramos que non é razoable limitar a capacidade investigadora de ningún membro da Universidade de Vigo. A liberdade de cátedra e de investigación son principios esenciais que deben preservarse. Nese senso, o noso centro seguirá investigando, entre outras, nas seguintes áreas:

- Computación cuántica
- Electromagnetismo computacional
- Análise computacional aplicada a ámbitos como as redes e os sistemas de telecomunicación e aeroespaciais
- Computación distribuida e cloud computing
- Green computing e eficiencia enerxética en entornos dixitais

Por tanto, opoñémonos a calquera limitación explícita ou implícita sobre a liberdade para investigar no ámbito da computación, independentemente dos cambios de denominación ou estratexia doutros centros.

Tampouco entendemos que nos teñamos que manifestarnos sobre un plan de doutorado xa que o centro non participa en docencia de posgrao.

Solicitamos, en consecuencia, que se retire calquera referencia ao suposto acordo de non interferencia que será elevado ao Consello de Goberno.

Quedamos, como sempre, á disposición da Universidade de Vigo para traballar nun clima de colaboración e respecto institucional que garanta o desenvolvemento dunha investigación de excelencia, plural e libre."

Houbo unha xuntanza e un debate como se pedía no Consello de Goberno anterior.

A vicerreitora di que estamos de acordo co escrito do director de ATTlantic. O reitor pide que conste en acta o escrito remitido polo director de ATTlantic.

Intervén a continuación Virxilio Rodríguez. Está de acordo coa liberdade de cátedra pero tamén é certo que é bo ter unha estratexia diferenciada, é unha reflexión xeral. Pregunta se o que se somete a votación é o que ven na orde do día. O reitor di que o que se somete a votación é o que ven na orde do día.

Apróbase por asentimento.

15. Aprobación, se procede, do cambio de acrónimo do Instituto de investigación de ciencia do deporte INCIDE por CIDEGA.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen explica o cambio de acrónimo:

Xustificación: Denunciado por igual acrónimo (rexistrado) nunha entidade que imparte formación.

CAMBIO DO ACRÓNIMO DE INCIDE A CIDEGA

Aprobado por asentimento na Xunta constitutiva do INCIDE do 10 de novembro do 2025.

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

16. Aprobación, se procede, dos parámetros de ponderación de materias troncais de modalidade e materias de opción da proba de avaliación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema Universitario de Galicia. Acceso ao curso 2027/2028.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, quen informa acerca dos parámetros de ponderación no acceso ao curso 2027/2028.

O reitor indica que se se puideran levar as porcentaxes ao máximo en galego, o apoiaríamos, pero a asesoría xurídica dunha Universidade galega entendeu que non entraba dentro da legalidade.

Apróbase por asentimento.

17. Aprobación, se procede, do Memorando de Entendemento con Real Club Celta de Vigo, S.A.D. e Metrodora Education Vigo S.L.

O reitor comenta que os Memorandos de entendemento non se aproban normalmente en Consello de Goberno, e incluso algún non precisan informe xurídico. Neste caso decidimos tralo porque é o inicio dos trámites para a posta en marcha dun centro adscrito á Universidade de Vigo. Levaría o nome do Celta e da UVigo e tería a mesma regulación que o resto de centros adscritos.

Que é un centro privado adscrito a unha universidade pública. Un centro adscrito é un centro de ensinanza superior (titularidade pública ou privada) que non é centro propio da universidade, pero



que imparte ensinanzas conducentes a títulos oficiais baixo a tutela académica da universidade á que está adscrito. O memorando o teñen os membros do Consello de goberno dentro da documentación á súa disposición, así como o informe favorable da Asesoría Xurídica.

Procedemento: Presentación da Memoria. Avaliación pola Reitoría. Informe do Consello Social. Aprobación polo Consello de Goberno. Elevación á Xunta de Galicia. Avaliación económica. Decisión da Xunta de Galicia. Comunicación á Conferencia General de Política Universitaria e ao RUCT por parte da Xunta de Galicia. Sinatura do convenio de adscrición. Avaliacións previas de títulos (ACUSG), *venia docendi*.

Os centros adscritos pertencen a outra institución pública ou privada.

Adscribense mediante convenio. Os títulos son expedidos pola UVigo.

A Universidade de Vigo concede a *venia docendi* ao profesorado implicado e vixía as modificacións dos títulos.

Neste caso, temos un preacordo para vincular o centro, que impartirá clases en Balaídos e en Afouteza. Quedan excluídos os títulos de Fisioterapia e de Ciencias da Actividade Física e do Deporte. E, cando haxa títulos novos que avaliar, terase en conta a opinión dos centros atinxidos.

Fala a continuación Mercedes Soto, parécelle unha solución intelixente para evitar confrontación. Poden saír colaboracións moi interesantes, unimos dúas marcas fortes, a Universidade de Vigo e o Celta. Parécelle moi boa solución.

Intervén seguidamente Virxilio Rodríguez para dicir que o Celta é unha empresa con ánimo de lucro, pero tamén entende que defende o país, dado o que representa, polo que cre que unha mostra de lealdade é colaborar coa Universidade de Vigo de forma directa sen comprometer nos ante unha posible implantación de títulos propios que compiten cos que temos na Universidade de Vigo. Quere saber se se fixo o esforzo de buscar ese compromiso coas titulacións. Pregunta tamén se os centros de actividade física e do deporte coñecen este Memorando, e cal é a súa postura. Outra reflexión sería que temos centros adscritos, e nalgúns deles non foi boa a súa desascrición. Para pensar no medio prazo, xa que estamos no proceso inverso, en contra das políticas que se están levando a cabo.

O reitor cre que no futuro vai ser moi positivo se ligamos ambas marcas. O Celta está apostando pola terra, pola nosa lingua e a nosa cultura, algo moi positivo nunha empresa privada. O Celta fixo unha aposta nun mestrado no Campus de Ourense, un proxecto coas mámoas e o resto de culturas pretéritas que están en Afouteza, con moitos cartos invertidos por parte do Celta e que reverteu na súa totalidade en investigadores da Universidade de Vigo. Tamén quere establecer colaboracións para visitas dos xogadores ao Campus de Pontevedra.

Vicente Romo comenta que o Celta leva moitos anos intentando montar títulos universitarios. De feito, fixo un posgrado dirixido por un profesor universitario. Hai que ser realistas, se monta outro Campus, deixariánnos sen estudantes en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, e en Fisioterapia. Están preocupados, el foi decano e ten prevención con este tema. Felicita ao reitor por esta iniciativa. Non quere ver un campus alleo, dunha universidade privada, ás portas da nosa Institución. Aproveitemos a súa marca que se incorpora á nosa institución, para fortalecernos os dous. A consellería botou unha man, como sinala o reitor, para poder chegar a bo porto nas negociacións.

Intervén Virxilio para dicir que está de acordo con que hai que buscar acordos con eles, e que o Memorando debería ir en galego. O reitor di que o memorando será en galego.

José Montero, con ocasión do que comentaba Virxilio Rodríguez, indica que non ten que limitarse ás facultades que comentou e, de feito, querían que o entrenador do Celta fixera as roldas de prensa en galego polo que iniciaron conversas para que se galeguizasen moito mais. Polo que debería abrirela posibilidade de que falaran máis en galego coa intervención da Facultade de Filoloxía e Tradución.

Apróbase por asentimento.

18. Aprobación, se procede, do nomeamento dos membros da Comisión da Unidade de Diversidade.

O reitor indica que debemos proceder ao nomeamento, de acordo coa documentación que teñen os membros do Consello de Goberno.

Ernesto Pedrosa intervén para dicir que foi aprobado en CG, e que falta unha persoa en representación do Consello Social, con voz e voto, porque está con voz e sen voto. A persoa designada, María Ángeles García Míguez, é unha especialista no tema, debería ter voz e voto. O reitor comprométese a traelo no próximo Consello de Goberno, para modificalo.

Apróbase por asentimento.

19. Elección dos seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO(1): 1 estudante do ámbito Campus do Mar.

Non se presentou ningunha candidatura.

20. Quenda de intervencións.

Intervén a continuación José Montero, decano da Facultade de Filoloxía e Tradución. Ten dúas preguntas en relación coa súa facultade, unha para o vicerreitor de Planificación e outra para a Xerencia. Con respecto á Xerencia, o INAP utilizou algunhas aulas da FFT para realizar unha serie de exames, pagando unha cantidade polo uso dos espazos. Debería de pagarse ás facultades correspondentes, pero como non houbo resposta as peticións efectuadas pide resposta con respecto a este tema.

A segunda pregunta ten que ver coa licitación da cafetería da FFT. Fai uns días tiveron unha reunión co vicerreitor, saíu o prego de licitación e ogallá unha empresa fágase cargo da cafetería da FFT. Tendo en conta que se trata dun espazo illado que se debería apoiar, non recolle diferentes cuestións para manter o servizo.

O vicerreitor contesta que o informe de viabilidade non ten porque impedir que saia adiante a licitación.



A xerente responde que cando entra o diñeiro na Universidade vai a unha caixa única, non a un depósito por centros diferenciado. O reitor cre que é un pedimento moi sinxelo, opina que se podería arranxar. O decano di que ten unha petición para rodar unha película sobre carnaval. Dirixirá aos peticionarios á xerente para que elixa outros espazos, xa que os espazos da FFT son mantidos pola súa Facultade e son moitos gastos. O reitor di que quere manter unha negociación. O decano responde que ese diñeiro viríalle moi ben agora mesmo. El entendía que eses alugueres, polo menos en parte, permitían ter un diñeiro para arranxar ventás e outras cousas.

Seguidamente fala Álvaro López Mira. Pregunta sobre quen decide os conferenciantes da cátedra Almirante Álvarez Ossorio. Gustaríalle saber porque hai renuencia a que participen académicos, pagaría a pena darlle unha volta e evitar que a Universidade de Vigo estea vinculada a conferenciantes non académicos, como a de A3 media que estivo fai pouco na Escola de Marín.

Arno Formella comenta que nos documentos que reciben nos procesos dixitais solicitan que se asinen dixitalmente en todos os documentos. Debería ser unha soa vez, despois non se pode imprimir, non ten sentido. En segundo lugar, hai unha instrución da vicerreitora de Estudantes. Está de acordo totalmente, salvo no cronograma, que se fai sempre de forma dinámica e non coñece os problemas que se teñen na avaliación continua. A vicerreitora indica que iso xa viña na Normativa de avaliación, aí xa pon que o cambio ten que ser por unanimidade. A Instrución ven dada por queixas dalgúns centros, para non facer cambios sen que se enteren todos os estudantes.

Intervén a continuación Isabel Mociño para trasladarnos un rogo: que por favor se revisen os acordos marco que amparan algunhas prácticas de solidariedade. Agora que estamos preto do Nadal, na Facultade se colocaron carros para a recollida de alimentos e xoguets, e dende a masa crítica dende hai un tempo estase facendo unha reflexión sobre as actividades de solidariedade, porque hai unha estigmatización sobre as persoas. Como misión que temos deberíamos promover boas prácticas. Que se revisen as recollidas de alimentos e de xoguets. Non queren cuestionar esta práctica, pero que se revisen o que supoñen cara ás persoas, a súa dignidade e inclusión.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:02 h. do día 24 de novembro de 2025, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral